galicia

CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

Ocupación en establecementos regrados

Outubro 2017

Este breve informe recolle unha síntese provisional da conxuntura turística de Galicia correspondente ao **mes de outubro de 2017**, medida a partir dos datos de ocupación nos establecementos de aloxamento regrado da comunidade –establecementos hoteleiros, apartamentos turísticos, cámpings e establecementos de turismo rural- fornecidos polo INE. Realízase, neste sentido, unha análise global para o conxunto do sector previa a un estudo máis pormenorizado en cada unha das tipoloxías de aloxamento mencionadas.

A análise realízase cunha perspectiva temporal para observar dinámicas de comportamento en relación ao pasado ano 2016 e anteriores.

OUTUBRO 2017

Tab 1. Viaxeiros, noites, estadía media e grao de ocupación nos establecementos regrados. Outubro 2017

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 17/16	Nº	Var. Int. 17/16	Nº	Var. Int. 17/16	%	Var. Int. 17/16
HOTEIS	343.738	11,7%	672.918	9,2%	1,96	-2,3%	47,97%	3,71
PENSIÓNS	87.107	-11,6%	143.760	-6,8%	1,65	5,4%	24,48%	-2,05
ESTAB. HOTELEIROS	**430.846**	**6,1%**	**816.677**	**6,0%**	**1,90**	**-0,1%**	**41,02%**	**2,01**
APTOS. TURÍSTICOS	11.662	16,1%	29.054	11,0%	2,49	-4,3%	20,91%	1,21
CÁMPINGS	2.199	83,1%	4.394	71,0%	2,00	-6,6%	10,90%	-0,42
TURISMO RURAL	18.880	-3,0%	33.278	0,9%	1,76	4,0%	16,45%	0,46
ESTAB. EXTRAHOTEL.	**32.741**	**6,6%**	**66.726**	**8,1%**	**2,04**	**1,4%**	**-**	**-**
TOTAL	**463.587**	**6,1%**	**883.403**	**6,1%**	**1,91**	**0,0%**	**-**	**-**

- No pasado mes de outubro Galicia rexistra un incremento global do volume de demanda turística regrada superando nun 6,1% o nivel de pernoctacións do pasado ano –situándose en algo máis de 883 mil-. Tal circunstancia vén como consecuencia dun crecemento paralelo da cifra de viaxeiros aloxados, equivalente en intensidade –nun contexto no que a estadía media mantense estable-.
- É o cuarto ano consecutivo no que se observa un crecemento da demanda turística en Galicia no mes de outubro. Logo das caídas rexistradas no trienio 2011-13 os niveis de demanda comezan en 2014 unha senda positiva superando nun 13,0% as cifras do ano anterior e que terá continuidade en 2015 –cunha suba do 9,1%-, en 2016 –do 13,1%- e agora en 2017 –do 6,1%-. Esta tendencia positiva eleva o volume global de demanda a pouco máis de 883 mil noites, cifra que supón un máximo histórico na nosa comunidade neste décimo mes do ano.
- En termos de viaxeiros aloxados a dinámica é paralela. O incremento deste ano engádese ao dos tres anteriores sendo do 14,6% en outubro de 2014, do 14,0% en 2015, do 9,7% en 2016 e do 6,1% agora en 2017. O resultado desta tendencia eleva a cifra final a preto de 464 mil viaxeiros no conxunto da comunidade, dato que supón tamén un máximo histórico neste mes de outubro.
- É o oitvao mes neste ano 2017 –e o sétimo consecutivo- no que se observa un comportamento positivo da demanda en relación ao pasado ano. Logo do incremento rexistrado en xaneiro, do 2,2%, a demanda turística cae en febreiro e marzo para voltar á senda de crecemento a partir de

abril e ata outubro. O resultado global destes dez meses é un incremento global da demanda turística a nivel da comunidade autónoma, do 5,3%, situando o volume de pernoctacións en máis de 9,7 millóns –cifra que supón un máximo histórico na comunidade-. A cifra de viaxeiros aloxados increméntase neste período nun 2,6% ata superar os 4,6 millóns.

Fig. 1. Volume de noites nos establecementos regrados. Mes de Outubro 2005-17



- En termos de volume as variacións deste mes tradúcense na xeración de case 27 mil viaxeiros aloxados e de 51 mil novas pernoctacións en relación ao mes de outubro de 2016.
- A nivel estatal obsérvase igualmente un incremento tanto da cifra de viaxeiros aloxados –do 2,7%- como da volume de noites –do 1,8% neste caso-.
- Dúas comunidades do norte peninsular, concretamente Aragón e Galicia –con incrementos do 6,6% e 6,1% respectivamente- son as que lideran o crecemento da demanda a nivel estatal. Sitúanse por diante doutras nove sendo en total once os destinos con comportamento positivo. Neste grupo é Castela A Mancha a comunidade que amosa o incremento de menor intensidade, máis modesto –de pouco máis do 1% interanual-.
- Neste contexto, por tanto, a nosa comunidade sitúase entre as máis dinámicas neste mes de outubro.
- Tres son os destinos onde os niveis de demanda se manteñen estables en relación ao pasado ano –Canarias, Castela e León e Asturias- e outros tres os que amosan caídas de diversa intensidade –Cataluña, A Rioxa e Navarra neste caso-.
- Do lado dos viaxeiros aloxados a situación cambia levemente sendo Murcia o destino que presenta o incremento de maior intensidade –do 12,0% interanual-, por diante de Baleares.
- Desde a perspectiva do volume Galicia ocupa neste mes a oitava posición representando o 2,2% do total de España. Canarias é o destino de maior peso en termos de demanda turística regrada con preto de 9,0 millóns de pernoctacións no mes de outubro –o 22,5% do total-. Sitúanse a continuación Baleares –con pouco máis de 7,2 millóns de pernoctacións-, Andalucía –con máis de 6,1 millóns- e Cataluña –con preto de 5,6 millóns neste caso-. Nun segundo grupo

localízanse a C. Valenciana –con pouco máis de 4,0 millóns- e Madrid –con máis de 2,4 millóns neste caso-. Só estas seis comunidades agrupan ao 86% do total da demanda turística regrada do conxunto de España.

- En outubro o 92,4% da demanda turística regrada corresponde aos establecementos hoteleiros porcentaxe que inclúe tanto aos hoteis –que representan o 76,2%- coma ás pensións –co 16,3% neste caso-. O 7,6% restante, en cambio, sitúase no segmento extrahoteleiro, porcentaxe que neste caso reúne aos apartamentos turísticos –que representan o 3,3% da demanda total- e aos establecementos de turismo rural –que supoñen o 3,8% neste caso-. Os cámpings teñen un peso pouco significativo neste mes con apenas o 0,5% do total da demanda –circunstancia propia neste caso dun período de temporada baixa-.
- Esta estrutura da demanda dista da observada nos pasados meses de xullo e agosto, sendo máis propia e característica dun mes de temporada baixa.

Fig. 2. Peso das diferentes modalidades de aloxamento regrado. Outubro 2017



- Por tanto, o comportamento global da demanda turística regrada vén moi condicionada pola evolución rexistrada nos establecementos hoteleiros, e particularmente nos hoteis. Continúa a ser a tipoloxía de maior volume gañando ademais peso neste mes de outubro en relación ao período estival –por mor dun menor volume e peso dos cámpings no conxunto da demanda regrada-.
- En relación coas tipoloxías de aloxamento obsérvase neste mes un comportamento algo dispar. Tres son as modalidades que amosan un comportamento positivo: os hoteis –cunha suba do 9,2% no volume de pernoctacións-, os apartamentos turísticos –cun incremento do 11,0%- e os cámpings –cunha suba neste caso do 71,0%, cifra moi elevada pero pouco representativa pois refírese a pouco máis de 4.300 noites, o 0,5% do total-. Nos tres casos o crecemento da demanda explícase en boa medida polo incremento da cifra de viaxeiros aloxados, con similar intensidade.
- Nos establecementos de turismo rural obsérvase certa estabilidade da demanda aínda que en sentido estrito rexístrase unha suba inferior ao 1% interanual. A excepción vén da man das

pensións, única modalidade que presenta un descenso da demanda en relación ao pasado ano –do 6,8% neste caso-, consecuencia dunha caída da cifra de viaxeiros aloxados do 11,6%.

- En termos agregados obsérvase un incremento da demanda no segmento hoteleiro –hoteis e pensións- do 6,0% e tamén no segmento extrahoteleiro –apartamentos turísticos, cámpings e turismo rural- do 8,1% en relación ao pasado ano.

Fig. 3. Variación interanual dos viaxeiros e noites en estab. regrados. Outubro 2017/16, por tipoloxías



- En termos de volume a variación da demanda tradúcese na xeración de pouco máis de 46 mil noites no segmento hoteleiro e de case 5 mil noites no ámbito extrahoteleiro en relación ao mes de outubro do pasado ano. O comportamento é, por tanto, homoxéneo aínda que con diversa intensidade.
- Dentro do segmento hoteleiro xa se viu diferenza de comportamento entre os hoteis e as pensións. Esta diferenza trasládase ademais ás diversas categorías. En consecuencia, sobe a demanda en todos os segmentos dos hoteis, sendo especialmente intenso o crecemento naqueles de categoría intermedia –hoteis de dúas estrelas, cunha suba do 24%-. Nos hoteis de catro e cinco estrelas, de maior peso na estrutura da demanda, o crecemento sitúase no 4,9%.
- No lado das pensións obsérvase neste caso un comportamento dispar. Increméntase a demanda naquelas de tres e dúas estrelas –un 4,8%- mais cae nas de unha estrela –un 19,6% neste caso-, circunstancia que vén acontecendo ao longo dos últimos meses.
- Neste mes de outubro o 71,8% da demanda turística regrada corresponde ao turismo nacional, segmento que inclúe tanto ao turismo interno -o dos residentes en Galicia- como ao receptor nacional -aqueles que proveñen das restantes comunidades autónomas do Estado-. O 28,2% restante corresponde en cambio ao turismo internacional. Estas porcentaxes están referidas ás pernoctacións e difiren levemente da estrutura observada en termos de viaxeiros –neste ámbito o peso do turismo nacional sitúase no 65% mentres que o internacional representa o 35%-. Esta distribución é propia dun mes de temporada media, a diferenza do que se observaba no reparto

da demanda por tipoloxías, no que o peso do turismo estranxeiro sitúase no contorno do 30% do total. Aseméllase ao observado nos meses de maio, xuño e setembro e dista moito do que se rexistra en temporada baixa e no verán –cando o mercado internacional apenas acada o 20% no mellor dos casos-.

Fig. 4. Peso dos mercados nacional e estranxeiro no conxunto da oferta regrada. Outubro 2017



En termos de mercado obsérvase un comportamento homoxéneo neste mes de outubro se ben con diversa intensidade. O turismo nacional presenta un comportamento positivo superando nun 4,6% os niveis de demanda do pasado ano como consecuencia dun incremento da cifra de viaxeiros aloxados –do 2,6%- nun contexto de leve mellora da estadía media. Son catro anos de crecemento consecutivo do turismo nacional en Galicia no mes de outubro situando o nivel deste 2017 en pouco máis de 634 mil noites –a cifra máis elevada dos últimos sete anos-.

Fig. 5. Variación interanual dos viaxeiros e pernoctacións por procedencia, nos estab. regrados. Outubro 2017/16



- O turismo internacional presenta tamén unha dinámica positiva superando nun 13,1% a cifra de viaxeiros aloxados e nun 10,3% o volume de noites de outubro de 2016. Neste caso son seis anos consecutivos de crecemento do turismo internacional en Galicia no mes de outubro –a taxas variables- que sitúan os niveis deste 2017 en pouco máis de 163 mil viaxeiros e de 249 mil noites –cifras que supoñen máximos históricos na nosa comunidade-.
- O mellor comportamento relativo do turismo internacional fronte ao nacional eleva o peso do primeiro en relación ao pasado ano situándose no 35,2% do total dos viaxeiros aloxados e no 28,2% das noites. Ambas porcentaxes son importantes –propias dun mes de temporada media- e constitúen tamén máximos históricos na nosa comunidade neste mes de outubro.
- O comportamento dos dous segmentos de mercado mantense en relación ás grandes tipoloxías de aloxamento. Ambos melloran os niveis de demanda no sector hoteleiro –un 4,4% o nacional e un 10,1% o internacional- así como no conxunto da oferta extrahoteleira –o turismo nacional mellora neste caso un 6,0% e o internacional un 13,7%. Así pois, o bo comportamento dos dous segmentos de mercado trasládase ás dúas grandes modalidades de aloxamento, en porcentaxes variables.
- A estadía media nos establecementos regrados de Galicia sitúase en 1,91 noites, cifra que se mantén estable en relación ao pasado ano. A evolución da estadía media nos últimos anos é dispar, con caídas consecutivas desde 2009 ata 2015, incremento puntual en 2016 e estabilidade agora en 2017. Por quinto ano consecutivo a estadía media fica debaixo das dúas noites de media no mes de outubro.
- Os apartamentos turísticos son a modalidade que presenta as estadías máis elevadas, con 2,5 noites de media neste mes de outubro. As restantes tipoloxías rexistran cifras máis baixas, co contorno das dúas noites de media nos hoteis e nos cámpings e por debaixo das dúas noites nos establecementos de turismo rural –con 1,8 noites- e nas pensións –con 1,65 noites, tipoloxía que unha vez máis rexistra o dato máis baixo de toda a oferta regrada-.

Fig. 6. Estadía media nos establecementos regrados. Outubro 2017



- Estas cifras son tamén características dun mes de temporada media pois manteñen un nivel relativamente elevado aínda que inferior ao observado no verán. As pensións continúan a rexistrar o nivel máis baixo.
- En termos dinámicos a estadía media varía de forma dispar en relación coas diferentes tipoloxías. Sobe e mellora nas pensións e nos establecementos de turismo rural –un 5,4% e un 4,0% respectivamente- mentres que descende nas restantes tres tipoloxías –un 2,3% nos hoteis, un 4,3% nos apartamentos turísticos e un 6,6% nos cámpings-.
- En comparación coas restantes comunidades autónomas a cifra de Galicia sitúase nunha posición baixa superando só os valores de Estremadura, Castela A Mancha e Castela e León. Novamente Canarias –cunha media de 7,2 noites- é o destino que rexistra o valor máis elevado de toda España. Con 6,2 noites sitúase a continuación Baleares, por diante da C. Valenciana –que rexistra un promedio de 4,2 noites- e Murcia –que rexistra unha media de 3,1 noites neste caso-. No lado contrario é Castela e León o destino que presenta o valor máis baixo con pouco máis de 1,7 noites de media.

Fig. 7. Ocupación por prazas e variación interanual en estab. regrados. Outubro 2017



- Desde o punto de vista da ocupación obsérvase tamén un comportamento relativamente dispar. Sobe e mellora nos hoteis –en 3,7 puntos porcentuais-, nos apartamentos turísticos –en 1,2 puntos- e nos establecementos de turismo rural –en apenas 0,5 puntos neste caso-, como consecuencia de variacións positivas do lado da demanda.
- Descende a ocupación nos cámpings –en apenas 0,4 puntos- por mor neste caso dun incremento da oferta dispoñible superior á mellora do volume de noites. Cae tamén nas pensións –en dous puntos porcentuais- consecuencia neste caso dun descenso paralelo da demanda.
- Os hoteis son a modalidade de aloxamento que presentan o nivel de ocupación máis elevado cun 48,0% de media neste mes. No lado contrario, a porcentaxe máis baixa sitúase nos cámpings cunha ocupación media do 10,9%.